

INFORME DO REITOR

CRUE.- Na reunión da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), manifestouse a preocupación das universidades pola situación económica, a situación máis precaria está en Castela a Mancha onde teñen dificultades para pagar a nómina (a UDC non está nesta situación).

Consello Social.- No Consello Social houbo cambios derivados da sentenza do TSXG ditaminando que a representación sindical non é a axeitada porque as centrais sindicais máis representativas, polo tanto con dereito a representación, son tres (até agora só tiñan representación dúas) como os postos destinados á representación sindical son dous estase na dinámica propia de solucionar este asunto.

Campus de Excelencia Internacional.- A UDC presentou, no seu momento, a candidatura a Campus de Excelencia baixo a denominación de CampusT, o Reitor informa que o proxecto presentado non pasou o corte quedando eliminada, unha vez máis, a universidade dun importante aporte económico e sen a proxección nacional, estatal e internacional que acadar esta consideración proporciona.

Xustifica o sr. Reitor en que xa se ía contracorrente porque na comunidade xa había dous Campus de Excelencia e era moi difícil que se concedese o terceiro, incide en que hai, na súa concesión, unha clara tendencia mediterránea e que hai que continuar na mesma liña.

VICERREITOR DE PLAN. ECONÓMICA

Informa que os criterios establecidos para o reparto no plan de financiamento en función de indicadores prexudican grandemente á UDC ao deixar practicamente sen peso o factor de número de alumnos.

Tamén indica que a Xunta rexeitou os plans de sustentabilidade presentados polas tres universidades.

Mentres que é pesimista no que respecta aos criterios de reparto por indicadores sendo optimista no que se refire ao plan de sustentabilidade.

PUNTO 4. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO NOVO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL.

Entendemos que require un tratamento específico, faremos un apunte especial nun artigo separado. Simplemente sinalar aquí que unha vez efectuada a votación reflectiu:

24 votos a favor

10 votos en contra

7 abstencións

PUNTOS 9, 11, 12

Apróbase, sen ningún problema:

Creación de 4 prazas de PDI contratado

Creación de 5 prazas de PDI funcionario

Creación de prazas de PDI segundo o programa de Estabilización dos Isidro Parga Pondal.

PUNTO 16 PROPOSTA DE PROFESORES HONORARIOS

Tres profesores que se xubilan solicitan a continuidade mediante este procedemento sendo concedido.

PUNTO 21 QUENDA ABERTA DE INTERVENCÍONS

Xosé Portela:

O PAS laboral quere saber cando se lle vai a transmitir o proxecto de RPT, ten pensado facerse nesta lexislatura ou temos que agardar aos que veñan?

Infórmansenos de que nas cafeterías os prezos non son uniformes e as listas de prezos non están, en todas, á vista dos usuarios, solicito que se lles envíe a todas unha instrución instando a que teñan visible esta lista e se axusten aos prezos oficiais.

Xerenta:

Despois de aprobarse a listaxe arriba indicada de prazas novas e promocións de PDI, indica que: como sabe o representante do PAS estamos agardando pola aprobación do plan de sustentabilidade, mentres non se realizará.

* OLÉ (o PAS laboral irá polo burato pequeno). Convenio e Estatutos (RPT cada dous anos, no caso deste persoal non existe).

Ao respecto dos prezos, é a primeira información que ten e procederá en consecuencia.

Os puntos que non se sinalan aprobáronse sen ningún problema.

* Apreciación persoal.